

Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Antas de Ulla, 13 de maio de 2022.- o alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 1246

## O CORGO

### Anuncio

O Pleno do Concello, na súa sesión do 29 de abril de 2022, aprobou as bases para o funcionamento do viveiro de empresas do Concello do Corgo e procedemento de selección de empresas usuarias.

Conforme ao artigo 7 das devanditas bases, o alcalde, por Resolución do 12 de maio de 2022 aprobou a convocatoria pública conxunta de solicitudes para a utilización dos seis locais existentes no viveiro de empresas.

En consecuencia, faise público o texto completo das citadas bases e **ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**

### **BASES PARA O FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DO CORGO E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE EMPRESAS USUARIAS**

#### **I) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Viveiro de Empresas do Corgo é un edificio de titularidade municipal, construído polo Concello do Corgo coa cofinanciación da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ao abeiro da Orde de 18 de decembro de 2021.

O edificio distribúese en planta baixa e entresolo –no que se ubican as oficinas e salas de reunión- que ten por finalidade fomentar a creación de novas empresas de carácter industrial, mediante o ofrecemento temporal de espazos físicos onde se atoparán as condicións e servizos precisos para a súa implantación inicial e consolidación.

Dada a súa natureza, o edificio é un ben de dominio público afecto a un servizo público, xa que o seu obxectivo é facilitar a creación de empresas ou iniciativas empresariais de autónomos co fin último de crear emprego. Preténdese acoller empresas de nova creación ou cunha antigüidade inferior a seis meses anteriores a solicitude de acollemento e dar asesoramento a través dos servizos de emprego e orientación laboral do concello.

A prestación deste servizo non se entende como nova competencia ao abeiro do establecido no Art 3.3 letra d) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, que se expresa nos seguintes termos:

<<(…) 3. En particular, no se entenderá como exercicio de novas competencias:

d) *La concurrencia a convocatorias de subvenciones o ayudas, así como la formalización de convenios de colaboración de concesión de subvenciones, para que las entidades locales realicen con carácter coyuntural actividades de información, de asesoramiento, de orientación, de mejora de la empleabilidad y formativas, y otras actividades que no supongan la creación de nuevos servicios municipales de acuerdo con el artículo 297 de la Ley 5/1997. Tampoco se entenderá como ejercicio de nuevas competencias la realización de las actividades citadas una vez obtenida la subvención>>.*

Así mesmo, a disposición adicional 1ª da citada lei establece que

<<Las competencias atribuidas a las entidades locales por la legislación autonómica anterior a la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local, continuarán ejerciéndolas ellas, rigiéndose por la indicada legislación o, en su caso, por el derecho estatal aplicable como supletorio, sin perjuicio de lo dispuesto en las disposiciones adicionales cuarta y quinta sobre la asunción por la Comunidad Autónoma de las competencias relativas a la educación, salud y servicios sociales>>.

Por outra banda, o Art 86 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia establece que:<< Para la gestión de sus intereses y una vez que se garantice la prestación de los servicios mínimos, el municipio también podrá ejercer actividades complementarias de las propias de otras Administraciones Públicas y, en particular, las relativas a: (...) f) La ocupación y la lucha contra el paro>>

**II) BASES****1.- OBXECTO.-**

As presentes bases regulan o funcionamento do viveiro de empresas do Concello do Corgo, establecendo o procedemento para o acollemento de empresas e/ou autónomos para desenvolver actividades empresariais industriais nos locais construídos a tal fin, que logo se relacionarán, así como as regras que deberán cumprir no uso das instalacións.

**2.- INSTALACIÓNS.-**

Consonte á base anterior, as instalacións teñen como finalidade fomentar a creación de novas empresas de carácter industrial, como instrumento de apoio para os novos empresarios nas súas primeiras andaduras e contribuír ao éxito final do proxecto, o que contribuír á consolidación do tecido empresarial galego e en consecuencia a diminución do paro.

**3.- UBICACIÓN.-**

O viveiro de empresas está situado na nave de usos múltiples, no Parque Empresarial do Corgo. O Concello do Corgo destina para o acollemento de novas empresas de carácter industrial seis locais individuais sitos na planta baixa, coas seguintes superficies:

- Local 11: cunha superficie útil de 55.13 m<sup>2</sup>.
- Local 12: cunha superficie útil de 55.19 m<sup>2</sup>.
- Local 13: cunha superficie útil de 55.19 m<sup>2</sup>.
- Local 15: cunha superficie útil de 55.19 m<sup>2</sup>.
- Local 16: cunha superficie útil de 55.19 m<sup>2</sup>.
- Local 17: cunha superficie útil de 55.19 m<sup>2</sup>.
- Nave 4: 481.95 m<sup>2</sup> construídos, superficie útil de 447,85 m<sup>2</sup>, distribuídos en 389,35 de planta baixa e 58,50 de planta alta.
- As superficies comúns son as correspondentes á parte da parcela non edificada, ou sexa 591 m<sup>2</sup>.

Ademáis, as empresas teran acceso e poderán utilizar para a súa actividade empresarial as seguintes dependencias:

**Planta baixa:**

- Recepción: cunha superficie útil de 11.19 m<sup>2</sup>
- Despacho: cunha superficie útil de 14.25 m<sup>2</sup>
- Vestíbulo: cunha superficie útil de 46.71 m<sup>2</sup>
- Aseo minusválidos: cunha superficie útil de 4.29 m<sup>2</sup>
- Vestiario: cunha superficie útil de 16.83 m<sup>2</sup>
- Vestiario: cunha superficie útil de 16.95 m<sup>2</sup>
- Sala máquina ascensor: cunha superficie útil de 5.23 m<sup>2</sup>
- Aseo: cunha superficie útil de 3.85 m<sup>2</sup>
- Pasillo: cunha superficie útil de 27.00 m<sup>2</sup>

**Planta alta:**

- Sala de reunións I: cunha superficie útil de 19.45 m<sup>2</sup>
- Despacho 1: cunha superficie útil de 12.03 m<sup>2</sup>
- Sala de reunións II: cunha superficie útil de 48.11 m<sup>2</sup>
- Pasillo: cunha superficie útil de 25.41 m<sup>2</sup>
- Aseo: cunha superficie útil de 2.97 m<sup>2</sup>

**4.- SERVIZOS.-**

O edificio que alberga o viveiro de empresas é un ben de dominio público afectado a un servizo público que se xestionará directamente polo Concello, cos seus propios medios, asumindo os resultados da explotación do mesmo.

Ademáis do acollemento, o servizo comprende:

- Asesoramento a través do Axente de de Emprego e Desenvolvemento Local.
- Orientacións en materia laboral a través do Orientador Laboral da agrupación dos Concellos de Láncara, Triacastela e O Corgo.
- Acollemento de empresas e/ou autónomos que desenvolvan unha actividade empresarial de carácter industrial conforme indican estas bases.

#### **5.-BENEFICIARIOS.-**

Poderán acollerse no viveiro de empresas:

- Empresas que aínda non se constituíran, pero que prevean facelo no prazo máximo de 3 meses desde a resolución de acollemento no viveiro.
- Empresas constituídas hai menos de 6 meses desde a data de solicitude de acollemento. Considerarase como data de constitución da empresa ou alta de autónomo a data de alta que conste nos seus estatutos ou no certificado de inscrición no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores ou no certificado de inscrición no censo Actividades Económicas ambos da Axencia Tributaria.

Deberán ter o enderezo social e fiscal no Concello de O Corgo.

- As empresas deberán desenvolver unha actividade empresarial de carácter industrial.

Entenderase por actividade empresarial de carácter industrial a totalidade do ámbito de aplicación do Decreto 37/2015, de 12 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia (Art.3).

- As empresas deberán presentar ineludiblemente o seu proxecto empresarial e a súa viabilidade económica e técnica.

Ademáis, os solicitantes deberán ter en conta as características dos locais que se ofertan para desenvolver a actividade empresarial, polo que o concello non asumirá ningunha responsabilidade no suposto de que sendo seleccionada non puidese realizar o obxecto da actividade da empresa.

#### **6.- EXCLUSIÓNS.-**

Quedan excluídas as actividades que a continuación se relacionan:

- a) Empresas non viables técnica e/ou economicamente ou cuxa actividade empresarial non teña carácter industrial, nos termos antes referidos.
- b) Empresas ou autónomos que nos estean ao corrente de pago dos Tributos estatais, da Comunidade Autónoma de Galicia e con este concello

### **III)- SELECCIÓN E ADXUDICACION DO ACOLLEMENTO.**

#### **7.- CONVOCATORIA.-**

A selección dos beneficiarios realizarase mediante convocatoria pública conxunta, total ou parcial, dos espazos do viveiro, efectuada polo alcalde, conforme ao establecido nestas bases.

Aquelas solicitudes de acollemento que non poidan ser aceptadas por falta de espazos dispoñibles, quedarán nunha lista de agarda ordenadas pola puntuación obtida no proceso de baremación das solicitudes. En caso de empate, terá preferencia a empresa cuxa solicitude estivese rexistrada antes no Rexistro de entrada do concello.

No momento en que existan espazos dispoñibles, consultarase a devandita lista para determinar se segue existindo interese do solicitante polo espazo. No caso de non telo, a solicitude quedará desestimada e eliminada do fondo de reserva.

Finalizada a convocatoria pública conxunta, no caso de quedaren vacantes, e non houberse lista de agarda ou estivese esgotada, poderán realizarse novas convocatorias públicas para os espazos vacantes, consonte estas mesmas bases.

O órgano competente para a resolución dos procedementos, será o alcalde do Concello de O Corgo, logo do informe do órgano de selección que se designe ao efecto.

As convocatorias publicaranse na sede electrónica do concello (<http://concellodocorgo.sedelectronica.gal>), no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

#### **8.- SOLICITUDES.-**

As solicitudes presentaranse no modelo establecido no anexo I destas bases, que se porán a disposición dos interesados, alomenos, na sede electrónica do Concello de O Corgo e na páxina web municipal. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación destas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e concluirá o mesmo día en que se publicou no mes de vencemento, conforme establece o Art 30.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Coa solicitude achegarase á seguinte documentación, referida tanto ao emprendedor/a como aos eventuais socios/as partícipes ou integrantes do negocio:

-Plan do proxecto empresarial onde se describirá polo miúdo a actividade empresarial industrial que se pretende desenvolver, con indicación do seu proceso produtivo así como o seu encaixe no Decreto 37/2015, de 12 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia, e ademais seguinte contido:

### **1. Idea de negocio. O valor da idea.**

- 1.1. Resumo do proxecto
- 1.2. Datos da empresa
- 1.3. Presentación dos emprendedores
- 1.4. Liñas de negocio. Descrición dos nosos produtos/servizos.

### **2. Estudo de mercado. Os clientes. Alianzas e colaboracións.**

- 2.1. Descrición xeral
- 2.2. Clientes
- 2.3. Competencia
- 2.4. Colaboradores e alianzas. Proveedores
- 2.5. Análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades)

### **3. Plan de marketing. Como imos darnos a coñecer.**

- 3.1. Comunicación. A imaxe da empresa e dos nosos produtos
- 3.2. Canle de distribución e venda.
- 3.3. Estimación de vendas (prezos e marxe comercial)

Xunto co Plan do proxecto empresarial a desenvolver poderase achegar calquera documento, plano, bosquexo ou semellante que consideren oportuno e que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.

-Proxecto que avale a viabilidade económica e técnica da actividade de carácter industrial que se pretende desenvolver no viveiro de empresas co seguinte contido:

### **4. Plan de organización. Actividades e recursos.**

- 4.1. Actividades. Organización de tarefas e tempos. Estacionalidade do negocio.
- 4.2. Recursos materiais. Inversións. Costes fixos e variables.
- 4.3. Loxística e xestión de stocks. Control de calidade.
- 4.4. Recursos humanos. Costes de persoal. Previsións de crecemento de emprego. Conciliación da vida familiar e laboral. Prevención de riscos laborais.
- 4.5. Estimación de costes fixos incluídos costes de persoal

### **5. Plan Económico e Financiero. Costes e beneficios. Balance económico.**

- 5.1. Balance económico.
  - 5.1.1. Plan de inversións e de financiación
  - 5.1.2. Conta de perdas e ganancias. Viabilidade económica. A rendabilidade da empresa.
  - 5.1.3. Orzamento de tesourería. Viabilidade financeira. A solvencia da empresa.

### **6. Posta en marcha.**

- 6.1. Forma xurídica escollida. Trámites de inicio. Normativa específica. Medidas de protección de datos. Rexistro de patentes e marcas.
- 6.2. Obrigacións contables, fiscais e laborais.
- 6.3. Financiación

### **7. Viabilidade. ¿Por qué é viable a nosa idea?**

### **8. Anexos.**

- 8.1. Currículo dos emprendedores
- 8.2. Outros documentos

-Escritura pública de constitución e os estatutos da persoa xurídica, inscritos no Rexistro mercantil, cando así o esixa a lexislación vixente, actualizados no suposto de empresas creadas cunha antigüidade de menos de seis meses contados desde a data de solicitude de acollemento.

-Informe de vida laboral, no caso de autónomos, referido como mínimo a dez días anteriores a presentación da solicitude de acollemento.

-Certificado actualizado da situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal Tributaria.

-Certificado actualizado da inscrición no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores da Axencia Estatal Tributaria.

- Fotocopia do DNI do solicitante e dos socios ou integrantes da comunidade de bens, no seu caso.

- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes ou certificado negativo no caso de empresas ou autónomos que aínda non estean dados de alta.

O concello comprobará de oficio que o solicitante estea ao día nos tributos e prezos públicos municipais.

-No seu caso, tarxeta de demandante de emprego

-No seu caso, certificado dos servizos de emprego de estar na situación de parado de longa duración.

-Compromiso de constituirse e/ou dar comezo a actividade empresarial no prazo máximo de tres meses desde a data de notificación da resolución de acollemento.

-Declaración responsable e non atoparse nos seguintes supostos: Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, declarados insolventes en calquera procedemento, declarado en concurso,—agás que tivese adquirido eficacia un convenio o se tivese iniciado un expediente de acordo extraxudicial de pagos—, estar suxeito a intervención xudicial ou estar inhabilitado consonte a Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal sen que tivese rematado o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do Concurso

No caso de que no momento de presentar a súa solicitude de acollemento non estivesen constituídas como empresas ou de alta como autónomo nunha actividade empresarial industrial, deberán acreditar a súa constitución no prazo máximo de tres meses desde a resolución de acollemento no viveiro, aportando a seguinte documentación:

Alta no censo de empresarios.

Alta na matrícula do IAE do municipio de O Corgo, estatutos, escritura de constitución,

No caso que así o esixa a lexislación mercantil, alta no Rexistro Mercantil.

A solicitude de acollemento ao viveiro municipal de empresas presentarase unicamente por medios electrónicos na sede electrónica do Concello do Corgo: <http://concellodocorgo.sedelectronica.gal>, e deberá estar subscripta pola empresa ou emprendedor que será a que asuma fronte ao concello o réxime de dereitos e obrigas derivados destas bases. Non entanto, o emprendedor poderá incluír no seu proxecto outros socios, partícipes ou integrantes do negocio, que deberán estar perfectamente identificados, aos que tamén se lles considerará como parte interesada.

Na solicitude deberá sinalarse, por orde de preferencia, todos os espazos dispoñibles (locais nº 11, 12, 13, 15, 16, 17). En caso de non estar dispoñibles os sinalados polas empresas seleccionadas en primeiro lugar, poñeranse a disposición do adxudicatario do acollemento os restantes, aos que se optará por orde de prelación segundo o baremo resultante do procedemento de selección e, en caso de empate, pola data máis antiga no Rexistro de entrada no Concello.

No caso de resultar seleccionado o proxecto, os socios/as ou partícipes no negocio deberán asinar a resolución de acollemento, xunto co emprendedor principal en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.

A resolución de acollemento non implica que poida iniciarse a actividade polo que deberán obterse os informes sectoriais e presentar a licenza ou comunicación previa segundo proceda, conforme ao establecido na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e polo Decreto 144/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura establecementos .

En ningún caso se tramitarán solicitudes, nas que a data prevista de inicio supere o prazo indicado anteriormente. Non obstante, con carácter xeral, establécese un compromiso de ocupación e inicio da actividade no prazo de tres meses, a partir da notificación da adxudicación do local, agás xustificación debidamente acreditada da imposibilidade de facelo por trámites burocráticos ou doutra índole (retraso na entrega de maquinaria, materiais...necesarios para o desenvolvemento dos traballos)

No caso de non ocupar a nave e/ou non desenvolver a actividade industrial pretendida e descrita na solicitude ou, no caso de que as novas empresas ou novos autónomos, non aportasen a documentación citada anteriormente, no prazo indicado, o alcalde ditará un decreto declarando extinguido o acollemento.

De ser o caso, será de aplicación o previsto no art. 68 da lei 39/2015 de procedemento administrativo sobre subsanación e mellora da solicitude. Ademais, o órgano competente poderá requirir aos solicitantes cantos documentos, datos e aclaracións sexan precisos para a correcta valoración do proxecto empresarial presentado.

#### **9.- VALORACIÓN DAS SOLICITUDES DE ACOLLEMENTO E ORGANO DE VALORACIÓN.-**

As actividades presentadas para desenvolver no viveiro de empresas serán valoradas por unha comisión de selección que, no caso de que o considere necesario, poderá solicitar a emisión de informes de peritos externos na materia sobre a viabilidade técnica e económica do proxecto que se pretende desenvolver co obxecto de ter elementos de xuízo para fundamentar a súa proposta.

#### **10.- COMISIÓN DE VALORACIÓN.-**

A comisión de valoración estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde do Concello de O Corgo, ou concelleiro en que delegue.
- Un Concelleiro designado polo alcalde.
- O Axente de Emprego e desenvolvemento local do Concello de O Corgo.
- A orientadora laboral do agrupación dos concellos de Láncara, Triacastela e O Corgo.
- Secretario: Un funcionario municipal.

Compételle ao órgano de selección, ademais da elaboración do informe de avaliación das solicitudes, a xestión de todas as incidencias e asuntos relacionados co procedemento de selección dos proxectos empresariais para o viveiro de empresas. Para estes efectos, tamén poderá solicitar cantos informes considere necesarios.

O órgano de selección elevará a súa proposta ao órgano competente para resolver, quen dictara resolución que se lle notificará no prazo de dez días aos solicitantes. Contra este acto poderase interpoñer recurso de reposición ou recurso contencioso administrativo nos termos establecidos na vixente lexislación.

A selección de solicitudes, realizarase aplicando os seguintes criterios:

- Proxecto empresarial: ata 3 puntos.

Valorarase cada solicitude de xeito individual e motivado, outorgando as puntuacións que se estimen en función das condicións que reúnen segundo a documentación presentada

- Viabilidade técnica e económica da actividade: ata 5 puntos. Valorarase cada solicitude de xeito individual e motivado, outorgando as puntuacións que se estimen en función das condicións que reúnen segundo a documentación presentada.
- Innovación, ata un máximo de 1 punto. Valorarase cada solicitude de xeito individual e motivado, outorgando as puntuacións que se estimen en función das condicións que reúnen segundo a documentación presentada
- Empresa/ou autónomo de novo: é dicir, que aínda non se constituise na data da solicitude de acollemento: 3 puntos.
- Empresa de recente constitución, e dicir, empresas/autónomos cunha antigüidade inferior a tres meses: 2 puntos. A partir de 3 meses e ata 6 meses: 1.5 puntos.
- Promotores veciños de O Corgo (2 puntos) de concellos limítrofes (1,5 puntos), outros concellos (1 punto)
- Promotores en situación de desemprego: 1 punto (no suposto de tratarse de varios socios ou comuneiros deberán estar todos na situación de desemprego para puntuar por este apartado)
- Promotores desempregados de longa duración, colectivos con especial dificultade de inserción no mercado laboral, mozos menores de 30 anos, mulleres maiores de 45 anos, colectivos en exclusión social: 1 punto.
- Solicitantes do acollemento para desenvolver unha actividade económica de carácter industrial que estean dados de alta como autónomos ou persoas xurídicas que estean constituídas con unha antigüidade de ata seis meses desde a data de solicitude de acollemento: 1 punto.

As empresas que cumprindo os requisitos non resultasen beneficiarias do acollemento no viveiro de empresas, incluíranse nunha lista de agarda por orde de puntuación e de data de rexisto de entrada, no caso de empate, para que no caso de que quedase un local baleiro poidan ser acollidos nel. A lista de agarda terá validez por 24 meses.

#### **11.- RESOLUCIÓN.-**

O prazo para resolver as solicitudes será de tres meses a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo da posibilidade de suspensión do prazo, de conformidade e nos supostos establecidos na lexislación de procedemento administrativo. Transcorrido o devandito prazo, os interesados poderán entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes. En todo caso, as

resolucións serán notificadas aos interesados, sen prexuízo das publicacións que procedan nas convocatorias conxuntas.

A resolución de acollemento non substituirá de ningún xeito a solicitude e obtención, no seu caso, de todas as licenzas e autorizacións que sexan legalmente procedentes para a actividade que se vai desenvolver ou da presentación da comunicación previa que establece a lexislación vixente.

#### **12.- ACEPTACIÓN DA EMPRESA DO ACOLLEMENTO NO VIVEIRO DE EMPRESAS.-**

Unha vez notificada a resolución de acollemento dun proxecto empresarial de carácter industrial, o adxudicatario realizará as xestións pertinentes en orde á obtención da licenza ou comunicación previa, segundo corresponda conforme ao establecido na Lei 9/2013, de e deberá subscribir á notificación de conformidade co Concello de O Corgo, que conterà os dereitos e obrigas de ambas as partes e que se desenvolverá nestas bases.

#### **13.- DURACIÓN DO ACOLLEMENTO.-**

A duración do acollemento dentro do edificio de viveiro de empresas será de 12 meses prorrogables por outros 12 meses, previa solicitude do interesado.

As ampliacións do prazo de acollemento concederanse mediante resolución da alcaldía, previo estudo da comisión de selección, que poderá requirir a documentación técnica e económica da empresa ou empresario que estime oportuna e sen prexuízo de que poida solicitar os informes periciais que estime oportunos.

Extinguído o acollemento, o concello notificará á empresa ou beneficiario do acollemento, quen deberá retirar á súa costa todo o mobiliario, mercadorías, maquinaria, etc que teña no local, deixando valeiro—agás as instalacións que tivese realizado que formen parte do local—nun prazo de 20 días laborais, co fin de que se poida ofertar a outra empresa ou autónomo. En caso contrario, o concello adoptará as medidas oportunas.

En ningún caso se lles admitirá ás empresas unha estancia superior a 24 meses, incluída a prórroga.

#### **14.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.-**

Serán causas de resolución do acollemento as seguintes:

- a) Solicitude de declaración de concurso voluntario, ter sido declaradas insolventes en calquera procedemento, estar declarado en concurso,—agás que tivese adquirido eficacia un convenio o se tivese iniciado un expediente de acordo extraxudicial de pagos—, a intervención xudicial ou estar inhabilitado consonte a Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal sen que tivese rematado o periodo de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do Concurso.
- b) A extinción da personalidade da sociedade ou pasamento do empresario individual.
- c) A falta de pagamento de calquera prezo público ou tributo municipal.
- d) O cesamento por parte da empresa da actividade durante máis de tres meses consecutivos.
- e) O incumprimento por parte do empresario de calquera das obrigas derivadas das presentes normas.
- f) A renuncia por parte do empresario.
- g) O cambio da actividade empresarial para a que solicitou o acollemento no viveiro de empresa.
- h) A non comunicación dos seguintes cambios: administrador, órganos de administración, estatutos, domicilio social da actividade, obxecto social, I.A.E.
- i) De mutuo acordo, sen prexuízo das responsabilidades derivadas do mal uso das instalacións e locais.

#### **III) - OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.-**

##### **15.- OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.-**

1.- Deberán prestar garantía en metálico por importe de 300 €. A devolución da garantía realizarse no prazo máximo de 6 meses, dende que finalice a utilización do espazo.

2.- Os espazos destinaranse única e exclusivamente ao proxecto empresarial para o que foron adxudicados, non podendo realizarse obras ou modificacións, alteración das instalacións sen autorización do Concello.

No caso de que se pretenda acometer algunha modificación, o concello poderá requirir que o interesado aporte a documentación técnica que considere oportuna.

No caso de realizar instalacións de carácter permanente no local, estas pasaran a ser propiedade do concello unha vez rematado o prazo de acollemento.

3.- Serán obrigas do solicitante, polo menos as seguintes:

- a) Iniciar a actividade no prazo máximo de 3 meses, a contar a partir do día seguinte a notificación da resolución de acollemento.

O interesado deberá presentar a comunicación previa ou, no seu caso, os títulos habilitantes, e informes sectoriais que procedan, conforme a Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e polo Decreto 144/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura establecementos

- b) Satisfacer exclusivamente pola súa conta as cargas, tributos, prezos públicos e gravames que pesen sobre a actividade que se desenvolve no local. En ningún caso o concello será responsable do impago das mesmas.
- c) Satisfacer as cotas obrigatorias á Seguridade Social das persoas empregadas no local e na actividade que alí se desenvolva, así como os seus salarios, e cumprir a lexislación laboral e de seguridade e saúde no traballo. En ningún caso o concello será responsable do impago das mesmas ou dos incumprimentos das normativas citadas.
- d) Pagar pola súa conta os gastos derivados de usos, consumos e subministracións propias (fotocopias, fax, teléfono, impresións, etc, distintos de calefacción, auga, luz, internet e limpeza de espazos comúns). En ningún caso o concello será responsable do impago das mesmas.
- e) Pór a disposición do Concello canta documentación contable e administrativa lle sexa requerida en especial o Balance e Conta de explotación anual, Imposto de Sociedades ou no seu caso, imposto sobre a renda das persoas físicas, para os efectos de poder comprobar o nivel de consolidación que vaia adquirindo a empresa e detectar posibles fallos de xestión que poidan impedir a marcha da empresa no viveiro, unha vez concluído o período acordado.
- f) Consentir as visitas de inspección que ordene o concello en calquera momento e no lugar obxecto do contrato, coa finalidade de comprobar o uso que se faga deste e o seu estado de conservación.
- g) Devolver o local ao concello a finalización ou revogación do acollemento que impida o uso do local, e nas mesmas condicións de uso que o recibiu, salvado o uso normal e dilixente e o menoscabo por este producido.

O empresario será responsable do uso negligente dos servizos obxecto do presente contrato.

Todas as melloras realizadas polo empresario no local, quedarán a beneficio do local sen dereito a indemnización a favor do empresario.

- h) Instalar e manter cos seus medios técnicos e económicos cantos equipamentos especiais sexan precisos para evitar evacuacións nocivas, tanto sólidas, líquidas como gaseosas, que puidesen producir pola súa actividade, así como calquera molestia por ruído que supere os límites permitidos legalmente. En todo caso a actividade que se desenvolve estará sometida á lexislación sectorial, especialmente urbanística e ambiental de carácter estatal e autonómico.
- i) Subscribir unha póliza de responsabilidade civil e danos que deberá ter vixencia durante o prazo de acollemento. Se a contía dos danos excedese da cobertura do seguro, tal exceso será de enteira responsabilidade do/a empresario/a. Anualmente o empresario estará obrigado a presentar ante o concello a copia da póliza de seguro expresada no parágrafo anterior, así como a copia do pago do recibo desta.
- j) Realizar as obras de mantemento e conservación do edificio que corresponda ao seu normal uso.

En caso contrario o concello poderá realizarlas repercutindo o seu custo

- k) Comunicar ao concello calquera variación de forma xurídica, delegación de poderes, cambios substantivos dos paquetes de acción, ampliacións ou variacións do obxecto da sociedade, etc.

#### **IV).- NORMAS DE RÉXIME INTERNO DO VIVEIRO**

##### **16.- IDENTIFICACIÓN.-**

1.- Calquera persoa que acceda ou permaneza no viveiro estará obrigada a identificarse e xustificar a súa presenza nel, cando sexa requerida para elo.

2.- Os usuarios/beneficiarios están obrigados a comunicar ao Concello a persoa ou persoas que forman parte de cada empresa

3.- Por razón de seguridade e para a súa utilización no caso de emerxencia, os adxudicatarios poderán depositar unha copia das chaves de acceso, nas oficinas do concello.

##### **17.- LOCALIZACIÓN CARTEIS IDENTIFICATIVOS.-**

O Concello supervisará a localización dos carteis que identifiquen ás empresas do viveiro, de forma que estes se integren no deseño da edificación, sen menoscabo dos acabados da mesma. A colocación de rótulos distintos dos que sexan aprobados non estará permitida.

##### **18.- ZONAS COMÚNS.-**

Os espazos comúns e de usos múltiples poderán ser utilizados por todas as empresas acollidas no viveiro, así como para o desenvolvemento de todas as actividades que estime oportuno o concello, previa resolución do alcalde.



A utilización das salas de reunións e oficinas por parte das empresas ou autónomos acollidos no viveiro se levará a cabo cando se atopen libres e dispoñibles, e sempre baixo rigorosa orde de petición por escrito que deberá presentarse na sede electrónica do concello.

A súa utilización realizarase conforme a criterios de racionalidade en canto a horarios, frecuencia de uso, cuidado das instalacións, equipos, etc

Serán de competencia dos beneficiarios do acollemento a limpeza dos espazos adxudicados, así como das zonas comúns. A zona exterior será de tránsito e non será ocupado por ningunha das empresas.

#### **19.- CUSTODIA DE CHAVES**

O concello posúe copia das chaves do acceso ao edificio. Por razóns de seguridade ante calquera imprevisto ou avaría que puidera xurdir nos locais, recoméndase o depósito dunha copia das chaves de acceso a cada local ou, en caso de non querer depositalas, facilitar teléfonos de contacto das persoas que teñan a chave de cadanseu local para localizalos en caso de emerxencia.

#### **20.- MANTENIMENTO E LIMPEZA DAS ZONAS INTERNAS E DANOS E DESPERFECTOS-**

A limpeza das zonas comúns será a cargo das empresas ou autónomos acollidos, repartindo proporcionalmente a superficie do local aos custos. Os dos locais de uso de cada empresa ou autónomo correrán ao seu exclusivo custo .

Os danos ou desperfectos que os acollidos no viveiro causen ao edificio serán reparados polo concello a costa da persoa ou entidade cesionaria do causante.

#### **21.- NOTIFICACIÓN DE DEFICIENCIAS.-**

É obriga de calquera empresario ou usuario do viveiro de empresas comunicar ao concello calquera avaría ou deficiencia que se produza nas instalacións de uso común do recinto do viveiro.

#### **22.- RESPONSABILIDADE DE USO DA INSTALACIÓN.-**

O concello non se fai responsable dos danos, perdas ou atentados contra a propiedade (incluído roubos) que puidesen cometer contra os útiles, bens ou efectos das empresas.

O Concello non será nunca responsable das perdas que puidesen sobrevir dun mal estado de conservación, ou mala utilización das instalacións de cada local, con excepción das instalacións xerais e básicas do edificio.

#### **23.- RESIDUOS.-**

1.- Resíduos sólidos: toda empresa radicada no viveiro está obrigada a clasificar os seus residuos e a depositalos separadamente nos colectores destinados para iso, así como satisfacer o recibo correspondente pola recollida de lixo.

2.- Resíduos especiais: O/a adxudicatario/a dun local obrígase a concertar un contrato de evacuación de residuos especiais, non domésticos, no caso de que os houbera (tóners, cartuchos, pilas, etc).

#### **24.- ALMACENAXE.-**

Por motivos de seguridade prohibeselles aos ocupantes das empresas instaladas depositar ou colocar xéneros e mercadorías en lugares e zonas comúns, invadindo total ou parcialmente accesos ou zonas de paso, tendo que estar estas sempre libres para o bo funcionamento do viveiro.

#### **25.- PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS.-**

As seguintes actividades e usos están expresamente prohibidos para os/as adxudicatarios/as do viveiro:

- a) O uso de calquera material non permitido polas normas de seguridade e hixiene ou incumprido a normativa sectorial de aplicación.
- b) O uso de todo ou parte de calquera espazo do viveiro como vivenda ou adicalo a usos que non veñan descritos no plan empresarial presentado coa solicitude.
- c) De forma xeral as empresas acollidas non poden perturbar o ambiente do viveiro, mediante ruídos, vibracións, cheiros, temperaturas ou calquera outra causa que poida afectar ou producir molestias aos restantes ocupantes, polo que deberán ineludiblemente adoptar as medidas correctoras correspondentes.

#### **26.- PECHES TEMPORAL DAS INSTALACIÓNS .**

O concello poderá pechar temporalmente as instalacións, previa comunicación por escrito aos usuarios, sen que isto xenere ningún dereito de reclamación ou indemnización, nalgún dos seguintes casos:

- a) Forza maior ou caso fortuíto
- b) Reparacións ou ampliacións que requiran o peche das instalacións.
- c) En xeral, aqueles outros que se consideren xustificadas.

- d) O trámite de comunicación previo non será obrigatorio realizalo con antelación nos supostos de forza maior o en situación imprevisible.

### 27.- EXTINCIÓN DO ACOLLEMENTO POR INATIVIDADE EMPRESARIAL INDUSTRIAL

Cando o local estivese pechado ou sen adicarse a actividade empresarial industrial durante trinta días laborais consecutivos, o concello, a través dun procedemento sumario con audiencia do interesado, ditará resolución de extinción do acollemento, concedendo un prazo non superior a vinte días laborais para que retire as mercadorías, mobles, maquinaria do local.

### 28.- INFRACCIÓNS DO REXIMEN INTERNO.-

As accións ou omisións que tivesen lugar durante o periodo do acollemento contrarias ao contido na presente disposicións, poderán dar lugar á extinción do acollemento no viveiro, previa instrución dun procedemento sumario no que se dará audiencia ao interesado, con perda da garantía

De darse o caso o órgano competente municipal pasará o tanto de culpa á orde xurisdiccional competente, absténdose de seguir procedemento sancionador, mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme.

### 29.- CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS.-

- 1.- As infraccións ás que fai referencia o apartado anterior clasifícanse en leves, graves e moi graves.
- 2.- Terán a consideración de **infraccións leves**, as cometidas contra as normas contidas na presente ordenanza que non se cualifiquen expresamente como graves ou moi graves, nos apartados seguintes.
- 3.- Considéranse **infraccións graves**:
  - A deterioración intencionada ou negligente dos elementos comúns do viveiro, ou individuais dos locais.
  - No seu caso, o incumprimento das obrigas económicas co Concello
- 4.- Terán a consideración de **moi graves**:
  - A utilización do espazo para un uso diferente do concedido polo Concello.
  - A falsificación de documentación, sinaturas, selos, datos relevantes para a súa incorporación ao viveiro, así como o ofertado en canto a nivel de creación de emprego, ou na súa relación posterior.
  - O depósito no local de materiais perigosas, insalubres ou nocivos, non permitidos pola correspondente licenza de apertura.
  - Non adotar as medidas correctoras que se lle impoña n para o desenvolvemento da súa actividade industrial.
  - A comisión de tres faltas graves.

### 30.- SANCIÓN.-

1.- As infraccións leves sancionaranse cunha suspensión do acollemento, o que impedirá o uso do local asignado e as instalacións comúns polo prazo dun mes; as infraccións graves sancionaránse cunha suspensión do acollemento por un periodo de tres meses; e as moi graves, sancionaranse coa extinción do acollemento e sen posibilidade de ser beneficiario dun novo acollemento para unha nova actividade empresarial industrial durante un prazo de tres anos.

No caso de que se impoña esta sanción, a empresa ou beneficiario do acollemento deberá retirar á súa costa todo o mobiliario, mercadorías, maquinaria, etc que teña no local, deixandoo valeiro—agás as instalacións que tivese realizado que formen parte do local,—nun prazo de 20 días laborais.

2.- Sen prexuízo do anterior, de causarse danos o infractor terá a obriga de reparar os mesmos. No caso de que non o fixese, o Concello poderá acordar a súa realización á conta do devandito infractor, mediante os medios de execución forzosa previstos na vixente lexislación, como a execución subsidiaria á súa costa.

**DISPOSICIÓN FINAL.-** Para as discrepancias que puideran xurdir será órgano competente o alcalde.

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE**

- D./Dña. \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, con enderezo a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ correo electrónico \_\_\_\_\_ en nome propio/en representación de \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación na convocatoria realizada polo Concello de O Corgo,
- **EXPÓN (riscar cun x o que corresponda):**
- **PRIMEIRO:**
- Que pretende constituir unha empresa para desenvolver unha actividade empresarial de carácter industrial das relacionadas no Art. 3 do Decreto 37/2015, do 12 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia, e que no suposto de ser seleccionado para o acollemento no viveiro de empresas, comprométese a constituírse e darse de alta nos correspondentes censos tributarios (censo de empresarios, profesionais e retedores, censo de actividades económicas) e na Seguridade Social no prazo de 3 meses a contar dende a notificación da resolución de acollemento así como cumprir os demais requisitos legais esixidos na vixente lexislación.
- Que ten unha empresa constituída hai menos de 6 meses a contar dende a data de solicitude de acollemento, que xustifica coa documentación que achega (deberá aportarse documentación que acredite a data de constitución: escritura pública na que consten os seus estatutos, certificado de inscrición no censo de empresarios, profesionais e retedores e certificado de inscrición no censo de Actividades Económicas da Axencia Tributaria).
- **SEGUNDO:** O obxecto social da empresa é a actividade de carácter industrial seguinte:  
\_\_\_\_\_
- **TERCEIRO:** Que se compromete a acreditar que o enderezo social e fiscal será no Concello do Corgo (acreditarase documentalmente no seu momento).
- **CUARTO:** Que a orde de preferencia dos locais de que dispón o concello, é o que a continuación se relaciona  
\_\_\_\_\_
- **QUINTO:** Que xunto coa presente solicitude achega a seguinte documentación:
- Plan do Proxecto Empresarial onde se describe polo miúdo a actividade empresarial industrial que se pretende desenvolver, con indicación do seu proceso produtivo así como o seu encaixe no Decreto 37/2015, co contido relacionado na base oitava da convocatoria.
- Escritura pública de constitución e os estatutos da persoa xurídica, inscritos no Rexistro mercantil, de ser o caso, actualizados no suposto de empresas creadas cunha antigüidade de menos de 6 meses contados dende a data desta solicitude.
- Informe de vida laboral, no caso de autónomos, referido como mínimo a dez días anteriores á presentación da solicitude.
- Certificado actualizado da situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal Tributaria.
- Certificado actualizado da inscrición no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores da Axencia Estatal Tributaria.
- Copia do DNI da persoa solicitante e das persoas socios ou integrantes da comunidade de bens, no seu caso.
- Acreditación de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica, e local, así como coa Seguridade Social ou certificado negativo no caso de empresas ou autónomos que aínda non estean dados de alta.
- Certificado de empadramento da persoa solicitante e das persoas socias ou integrantes do proxecto.
- Declaración responsable de non atoparse nos seguintes supostos: Ter solicitado a declaración de concurso voluntario, declarados insolventes en calquera procedemento, declarado en concurso,—agás que tivese adquirido eficacia un convenio ou se tivese iniciado un expediente de acordo extraxudicial de pagos—, estar suxeito a intervención xudicial ou estar inhabilitado consonte a Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, sen que tivese rematado o período de inhabilitación fixado na sentenza de calificación do Concurso.
- Tarxeta de demandante de emprego da/s persoa/s participante/s no proxecto(no caso de poder acreditar esta circunstancia).

- Certificado dos servizos de emprego de estar en situación de parado de longa duración da/s persoa/s participante/s no proxecto(no caso de poder acreditar esta circunstancia).
- Compromiso de constituirse e/ou dar comezo a actividade empresarial no prazo máximo de tres meses dende a data de notificación da resolución de acollemento.
- Compromiso de fixar o enderezo social e fiscal dentro do Concello do Corgo
- **- SEXTO:** Que acepta expresamente o establecido nas bases reguladoras da convocatoria e se compromete expresamente ao cumprimento das disposicións polas que o Concello de O Corgo regula o funcionamento do viveiro de empresas.
- **SÉTIMO:** O enderezo electrónico para a práctica de notificacións é o seguinte:

**E polo tanto, SOLICITA:**

1. Participar no procedemento convocado polo Concello do Corgo para ser acollido no viveiro industrial sito no polígono empresarial do seu término, e recibir os demais servizos que nas bases se contemplan, co fin de desenvolver a actividade empresarial de carácter industrial seguinte: \_\_\_\_\_
2. A devandita actividade empresarial está incluída no Decreto 37/2015, de 12 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Industrial de Galicia seguinte: \_\_\_\_\_ (Indique en que tipo de industria ou actividade das relacionadas no Art. 3 do Decreto 37/2015 encaixa a súa actividade).

**PROTECCIÓN DE DATOS:**

- Fun informado de que esta Entidade vai a tratar e gardar os datos aportados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas coa finalidade prevista nestas bases. Así mesmo, autorizo a tratar os datos dos menores de 14 anos cuia patria potestade ou tutela posúo.**

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b>	
Responsable do tratamento	Concello do Corgo
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario
Lexitimación para o tratamento	Consentimento das persoas interesadas. Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade
Persoas destinatarias dos datos	Cederanse datos, no seu caso, a outras AA.PP. e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros naíses
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello do Corgo ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>
Lugar e data